

Á vista do escrito de don Manuel Ramiro Rodríguez Rodríguez, Investigador principal e Director do grupo de investigación GI-1720, “Enerxía e Mecanización Agroforestal” da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización de prácticas das titulacións de Enxeñaría de Montes e Enxeñaría Agronómica, impartidas na Escola Politécnica Superior, matriculados na Universidade de Santiago de Compostela esta REITORÍA

-Considerando que o GI-1720, “Enerxía e Mecanización Agroforestal” arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións de Enxeñaría de Montes e Enxeñaría Agronómica, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

#### **RESOLVE**



Autorizar a realización de prácticas do alumnado das titulacións de Enxeñaría de Montes e Enxeñaría Agronómica da EPS nas instalacións do GI-1720, “Enerxía e Mecanización Agroforestal” que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada trinta horas de prácticas, realizando o/a alumno/a un mínimo de 180 horas e un máximo de 510 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos (mínimo 6 créditos e máximo 172 créditos).
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a EPS de acordo coa Dirección do GI-1720, “Enerxía e Mecanización Agroforestal” e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas no GI-1720, “Enerxía e Mecanización Agroforestal” non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A EPS, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos/as alumnos/as. Así mesmo, por parte do GI-1720, “Enerxía e Mecanización Agroforestal” nomeará como titora/a deste centro á profesora M<sup>a</sup> Dolores Fernández Rodríguez, que supervisará as prácticas realizadas polo/a alumno/a.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.

- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do GI-1720, "Enerxía e Mecanización Agroforestal".
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a gufa docente do programa de estudos.  
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do GI-1720, "Enerxía e Mecanización Agroforestal" emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.  
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2013

O REITOR



Juan José Casares Long

**SR. DIRECTOR DA ESCOLA POLITECNICA SUPERIOR**  
**D. MANUEL RAMIRO RODRIGUEZ RODRIGUEZ- DIRECTOR DO GI-1720**  
**D<sup>a</sup>. MARIA DOLORES FERNANDEZ RODRIGUEZ- TITORA ACADEMICA**  
**SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADEMICA**  
**SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**